



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia/disciplina: Violín



Curso: 2022 - 2023



Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	4
3	Atención á diversidade.....	4
4	Temas transversais.....	5
	4.1. Educación en valores.....	6
	4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	6
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	7
6	Secuenciación do curso.....	8
	6.1. Curso: 1º grao elemental.....	8
	6.2. Curso: 2º grao elemental.....	13
	6.3. Curso: 3º grao elemental.....	18
	6.4. Curso: 4º grao elemental.....	23
	6.5. Curso: 1º grao profesional.....	27
	6.6. Curso: 2º grao profesional.....	33
	6.7. Curso: 3º grao profesional.....	38
	6.8. Curso: 4º grao profesional.....	43
	6.9. Curso: 5º grao profesional.....	48
	6.10. Curso: 6º grao profesional.....	54
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	61
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	61
9	ANEXOS.....	62
	9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional.....	62
	9.2. Probas de acceso a outros cursos: 2º, 3º e 4º de grao elemental.....	63
	9.3. Probas de acceso a outros cursos: 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional.....	65
	9.4. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	66
	9.5. Fichas de avaliación (inicial e sistemática) e rúbricas.....	67

1 Introducción

A presente programación pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de violín que conforman tanto os cursos do grao elemental e profesional das ensinanzas de música no conservatorio. Debe ser entendida como un modelo a seguir que respecte a normativa vixente, perseguindo un ensino integrador e proporcionando ao alumnado as ferramentas que lle permitan desenvolver o seu potencial como futuros intérpretes, prestando especial atención á diversidade do alumnado e permitindo ó profesorado aplicar a súa metodoloxía respectando tanto a liberdade de cátedra de cada profesor como o dereito dos alumnos a acadar o máximo nivel artístico baseado no esforzo persoal e no desenvolvemento das súas capacidades.

Marco Legal

Para a elaboración da presente programación tivemos en conta a seguinte normativa:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2 Metodoloxía

Aprendizaxe como modelo de construción social: nel deben intervir non so o alumnado e profesorado, senón tamén as súas familias, polo que se favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe.

Papel activo e participación: o alumnado debe ter un papel activo na súa aprendizaxe, guiado polo profesor, sen deixar de lado o esforzo individual . Fomentarase a súa implicación na resolución de problemas. A práctica individual do instrumento debe estar equilibrada mediante o uso de estratexias de ensino grupal e traballo colaborativo, que fomenten a creatividade e motivación do alumno.

motivación e autoestima: Reforzar positivamente as actitudes e execucións correctas, e explicando construtivamente as prácticas erróneas. O docente debe ser un facilitador do proceso de motivación do alumno, sen esquecer que o fomento da curiosidade, a determinación e a perseveranza acrecentan a autoestima e motivación do alumnado.

Aprendizaxe significativo: partir dos coñecementos previos da materia para trazar estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos ou reforzar as debilidades.

Personalización e atención á diversidade: adaptación a actuación docente aos distintos ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado, tendo en conta dificultades puntuais ou persoais de cada un, fomentando actividades de reforzo e atención especial aos alumnos con maiores dificultades.

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina súa páxina web.

A presente programación debe prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: alumnos con necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, de incorporación tardía ó sistema educativo ou que teñen condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización , inclusión, equidade e non discriminación.

Para este tipo de alumnado tomaranse medidas ordinarias e extraordinarias que garanten a súa inclusión e que en ocasións poden necesitar a implicación de toda a comunidade educativa. As medidas a tomar son as seguintes:

Medidas ordinarias (que non requiren unha adaptación significativa do currículo ordinario):

- Facilitar a adecuación do currículo da materia e da programación , sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características particulares do alumnado.
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, espazos, etc.) ás características do alumnado: trátase de medidas de tipo organizativo nas que participan as estruturas organizativas do centro, o departamento e o profesor da materia e deben facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidos na programación da materia.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación: revisión dos instrumentos, estratexias e criterios de avaliación tendo en conta as necesidades específicas do alumnado

- Actividades de reforzo educativo: deseñadas polos titores para o alumnado que poida ter dificultades no seguimento da programación.
- Programas de enriquecemento curricular: con metodoloxías e actividades que favorezan o máximo desenvolvemento das capacidades de alumnos con un alto ritmo de aprendizaxe (repertorio de maior dificultade, participación en actividades interdepartamentais, concursos, etc.)
- Programas específicos personalizados: deseño de programas específicos de atención á diversidade para aquel alumnado que presente dificultades de inserción e/ou adaptación escolar, tentando favorecer a súa integración no centro: participación en clases colectivas, implicación familiar, colaboración entre as distintas especialidades do departamento, etc).

Medidas extraordinarias (que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo e que requiren a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de Inspección educativa, da Xefatura territorial ou da Dirección xeral da consellería de educación.

- Adaptación curricular: modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, para atender ás necesidades educativas do alumnado motivadas tanto por unha determinada dificultade académica ou persoal como polas súas capacidades excepcionais. Será elaborada polo titor coa colaboración do departamento didáctico, co asesoramento do equipo de atención á diversidade
- Avaliación diagnóstica : recolleranse datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumnado e o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do mesmo, como polos profesionais responsabeis do seu coidado.
- Reunións de avaliación diagnóstica: nas que participarán Xefatura de Estudos o titor/a, os/as profesores/as que imparten as á materias que se consideran obxecto de adaptación curricular , os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica e os pais do menor. Unha vez decidida a conveniencia da adaptación curricular, convócase á familia para comunicarlle a decisión proposta, podendo ista facer as achegas que considere convenientes.
- Elaboración de documentos da adaptación curricular (DIAC) nos que se constatarán datos estritamente confidenciais do alumno/a e que se empregarán como referencia na materia.
- O alumnado susceptible da adaptación curricular será avaliado conforme aos criterios de avaliación, obxectivos e contidos elaborados especificamente segundo o caso, tentando que desenvolvan ao máximo as súas capacidades e se resepecten os seus dereitos.

4 Temas transversais

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás

CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

4.1. Educación en valores

O desenvolvemento integral do alumnado debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

O tratamento destes temas transversais fica reflectido nos seguintes obxectivos:

- Educación para a paz - Aprender a solucionar de forma dialogada os conflitos no ámbito escolar. Coñecer música doutras culturas.
- Educación moral e cívica - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas normas, opinións e propostas alleas.
- Educación para a igualdade entre os sexos - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade. Corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde – Valorar a educación postural e equilibrio persoal e anímico dos alumnos.
- Educación para o consumidor - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade. Dereitos de autor.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

1. A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

2. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
3. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e

seguemento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.

4. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
5. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
6. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ó ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro (auditorio, biblioteca, aulas de audiovisuais ou de informática) ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de violín, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeneral de aprendizaxe e resposta a unha adecuada planificación.

Tradicionalmente, o profesorado de violín programa unha serie de actividades cada ano como, audicións técnicas, audicións de repertorio, grupais, recitais con outros instrumentos de corda en espazos fora do centro (por ex. O recital Musica nas cordas no Paraninfo da USC), cursiños de instrumento, de técnica Alexander ou de ergonomía, conferencias, talleres de luthería, etc.

6 Secuenciación do curso

6.1. Curso: 1º grao elemental

6.1.1. Obxectivos

- ⌚ 1 Asimilar os principios elementais da colocación do violín e toma do arco.
- ⌚ 2 Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento e un equilibrio corporal nos movementos mais básicos.
- ⌚ 3 Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, o martellé e staccato.
- ⌚ 4 Distinguir (tocando e escoitando) a boa proxección do son da mala, primeiro traballando con pizzicatos (fixándose na vibración das cordas) e despois co arco. Sensibilizarse dende o principio coa calidade do son.
- ⌚ 5 Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición
- ⌚ 6 Coñecer as escalas de Sol M, La M, Re M, nunha oitava e Sol M en dúas oitavas e os seus arpejos, e localas perfectamente afinadas.
- ⌚ 7 Tocar pezas sinxelas (primeiro en pizzicato, e despois con arco) obtendo un son homoxéneo e controlado; tanto individual como en grupo (clase colectiva ou co pianista acompañante)
- ⌚ 8 Coñecer as unidades elementais do violín e o arco e a súa morfoloxía.
- ⌚ 9 Coñecer os principios básicos do estudio e aplicarlos á práctica diaria.

6.1.2. Contidos

- ⌚ 1 Posición do violín. Fundamentos do equilibrio.
- ⌚ 2 Toma do arco. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martellé e staccato.
- ⌚ 3 Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro. Notas ligadas.
- ⌚ 4 Colocación da man esquerda. Fundamentos.
- ⌚ 5 Traballo de pizzicatos: postura correcta da man para unha boa proxección do son e unha técnica correcta de pizz.
- ⌚ 6 Escalas e arpejos nunha oitava ou dúas: Sol M, Re M, La M, nunha oitava e Sol M en dúas oitavas
- ⌚ 7 Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.
- ⌚ 8 Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso.
- ⌚ 9 O violín: as súas partes, o seu coidado.
- ⌚ 10 Cómo estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio. Coñecemento xeral do instrumento e do arco: as súas partes, características acústicas e mantemento.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- ⌚ 1º trimestre: Colocación do violín e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpejos nunha oitava, en pizzicato. O violín e as súas partes, o seu coidado. Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudio. Interpretación de algunhas pezas.
- ⌚ 2º trimestre: Divisións elementais do arco: metades, terzos, arco enteiro. Escalas e arpejos nunha oitava. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades estudadas, preferiblemente de memoria
- ⌚ 3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades estudadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con boa afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martellé e staccato. Escalas e arpejos cos golpes de arco básicos. Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudio

6.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

Os criterios xerais de avaliación para o todo o grao elemental son os seguintes:

Traballo persoal diario: A observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumno. As conclusións serán recollidas no caderno de aula.

Caderno de actividades do alumno: A información recollida polo alumno ou a nai/pai que colabore co estudo na casa tamén é un procedemento directo de comprobar o grao de comprensión e captación dos coñecementos por parte do alumno e preparación da práctica na casa.

Traballo en grupo: Traballo en cooperación cos outros: acepta e ofrece apoio. Respecto cara as ideas dos demais. Desenvolvemento do traballo co pianista acompañante.

Actitudes cara a materia e o traballo en grupo: Curiosidade e creatividade. Constancia e flexibilidade. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando e analizando e explicando.

Probas prácticas: Ademais de valoralos coñecementos do alumno, axuda a comprobar como se desenvolve o alumno nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal.

No caso concreto do ensino do violín, a observación e audición directa serán os elementos fundamentais do proceso avaliador. A análise do traballo realizado polo alumno, o seu progreso, o seu sistema de estudio e aproveitamento, o seu interese, revelará a eficacia tanto do seu traballo como o do profesor.

Criterios de avaliación específicos do 1º curso do grao elemental:

- ⌚ 1 Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- ⌚ 2 Ter unha postura correcta do violín e do arco, mantendo unha posición equilibrada do corpo fronte ó instrumento, libre de tensións, que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos e lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación
- ⌚ 3 Asimilar conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (Suxeición, condución arco), como da man esquerda (articulación)
- ⌚ 4 Distribuír axeitadamente o arco en metades (metade superior e metade inferior), centro e todo o arco, realizando diferentes ritmos en cordas ó aire e escalas dunha oitava.
- ⌚ 5 Combinar adecuadamente as arcadas detaché e legato.
- ⌚ 6 Tocar cos golpes de arco detaché, martellé, legato e staccato unha peza programa do curso ou unha escala.

- 🕒 7 Tocar as pezas do curso (vid. Listado de pezas recomendadas para o curso) con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade do son, e fraseo correctos.
- 🕒 8 Interpretar fragmentos ou pezas curtas en audición empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria.
- 🕒 9 Mostrar capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudio

Mínimos esixibles

1º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
- Interpretación en pizzicado e en cordas ao aire de ritmos básicos aplicando correctamente detaché e martelé.

Escala con golpes de arco básicos (detaché e martelé)

- Tres pezas das cales unha debe ser interpretada de memoria.
- Un estudo

2º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
- Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos básicos aplicando correctamente detaché e martelé.

- Escala e arpejos con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché e martelé)
- Tres pezas das cales unha debe ser interpretada de memoria.
- Un estudo

3º trimestre:

- Correcta colocación do instrumento e do arco.
- Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos aplicando correctamente detaché e martelé.
- Escala e arpejos en 2 oitavas con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato)
- Tres pezas das cales unha debe ser interpretada de memoria.
- Un estudo.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Conceptos xerais: O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno: o profesorado terá en conta os informes individuais emitidos polo profesorado do curso anterior (agás no caso do alumnado de novo ingreso). Anexo á programación atópase o modelo de Ficha de Avaliación Inicial aprobada polo Departamento de Corda.

A avaliación será continua durante todo o curso.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumno, o cal permitirá un

seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso.

Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumno anexa a esta programación.

Haberá tamén unha coevaluación que implique a todo o grupo de alumnos entre si, incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

Criterios de cualificación

Valoraranse as seguintes cuestións:

Control da posición do instrumento.

Control da afinación.

Control do son e das dinámicas.

Control do ritmo.

Control dos golpes de arco básicos.

Control da memoria.

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 25%

Interpretación e musicalidade 25%

Memoria 25%

Traballo na casa 25%

Para a cuantificación empregárase o baremo recollido nas Rúbricas de avaliación do ANEXO

A cualificación final será o resultado da ponderación das cualificacións obtidas nos trimestres. A ponderación realizarase na seguinte proporción: 1º trimestre 20%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 50%.

1ª avaliación (20%) 2ª avaliación (30%) 3ª avaliación (50%) Convocatoria ordinaria

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorárase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4. Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Procedementos de recuperación ordinarios

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Dominio técnico	25%
Postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor trala avaliación ordinaria.

6.1.5. Recursos didácticos

- **Escalas e arpexos:**
 - Grigorian: Sistema de escalas.

- Sistema de escalas da Associated Board of the Royal Schools of Music
- A.Toledo : Método de Escalas e arpejos.
- Hrimaly: scale-studies (nunha 8ª, 1ª posición)
- **Métodos e estudos**
- Anderson, G. And Frost: All for Strings
- Cohen, Mary: Superstudies vol. 1.
- Sándor, Járdányi, Sverzànsky. Méthode du violon I.
- Denes, Lani, Mezo: curso para violín, vol. 1
- Cohen, E. : Método de violín, Rounds for violin
- E. Mateu: O violín, iniciación
- L. Spiller: novo método de iniciación violín para grupos de 7-10 anos.
- Van de Velde : Le Petit Paganini vol. 1.
- De Kayser: Violin playtime Studies vol. 1.
- J. Claudio : El joven violinista vol. 1.
- Doflein: “The beggining” Vol. 1.
- Applebaum: String Builder , Vol. 1
- Rolland, P.:Young Strings in action, vol. 1, Tunes and Exercises for String Players.
- Curci: “50 estudios melódicos” op. 22
- M. Crikboom: O violín teórico e práctico vol.1 (iniciación)
- Szilvay, G: Violin ABC (A, B) , Kerutzerini.
- **Pezas:**
- Colledge: Sttepping Stones, Waghon Wheels
- Lenkei: Violin music for beginners.
- Jan Faust: Concertino, 1º mov.
- Kavalewsky: Album pieces (da 1 a 4)
- Suzuki: Vol. 1
- M. Crickboom: “Chants et Morceaux” caderno 1
- Stanley Fletcher: New Tunes for Strings vol. 1.
- E. Elgar.: Six Easy Pieces for Violin.
- Kuchler: Concertino en Sol M op. 11.
- Brodsky: Old Music for violin.
- Pracht: Album of twelve Easy Pieces.
- Barber: Solos for Young Violinists vol.1 (primeiras pezas)
- Nelson, S.: piece by Piece 1, Tetratunes, Right from the start, Two in one, Pares, Tunes you know 1, Threes, Fours, etc.
- Szilvay, G: Violin Rascals, Duettini, Sonatini.
- Martin, P: Little suite nº 1e 2.
- Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grado 1.
- Pezas do folclore popular galego axeitadas ó nivel nas tonalidades de Sol M, Re M e La M.

6.2. Curso: 2º grao elemental

6.2.1. Obxectivos

- 1 Asimilar os principios elementais da colocación do violín e toma do arco.
- 2 Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento máis afianzada, con maior naturalidade e un equilibrio corporal nos movementos mais básicos.
- 3 Conseguir a realización de cambios de corda máis rápidos e fluídos.

- 4 Ampliar o rexistro a 2 oitavas nas escalas básicas e comezar o estudo das escalas menores sinxelas, perfeccionando a sonoridade e a afinación.
- 5 Tocar pezas de maior dificultade; tanto individual como en grupo (clase colectiva ou co pianista acompañante) buscando unha sonoridade mais equilibrada.
- 6 Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, legato, martellé e staccato.
- 7 Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición
- 8 Coñecer os principios básicos do estudo e aplicalos á práctica diaria.
- 9 Iniciarse na comprensión das estruturas musicais máis sinxelas
- 10 Tocar en audicións pezas de memoria, con bo control, afinación, son e ritmo
- 11 Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a primeira vista

6.2.2. Contidos

- 1 Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco
- 2 Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. O ritmo e a sincronización das dúas mans.
- 3 Continuación do traballo con golpes fundamentais do arco "alla corda": detaché, martellé, legato e staccato. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas.
- 4 Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso.
- 5 Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda.
- 6 Escalas de Sol M, La M, Si b M , La m, en dúas oitavas e Do M, Sol m e Rem nunha oitava cos seus arpejos. Exercicios de dobres cordas sinxelas, con cordas ó aire ou con só un dedo pisado.
- 7 Control permanente da afinación. Escoita interna.
- 8 Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- 9 Organización do traballo na casa
- 10 As estruturas formais das cancións populares: ABA, ABCA, ABCB, etc.
- 11 Lectura a primeira vista.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

- 1º trimestre: Cómo estudar: a organización do traballo na casa. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas. Escalas de Do M, Sol m e Re m. nunha oitava cos seus arpejos. Ritmo e sincronización das dúas mans. Interpretación de algunhas pezas.
- 2º trimestre: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Cómo estudar. Organización do traballo na casa. Estructuras formais básicas: ABA, ABCA, ABCB, etc. Escalas de Sol M, La M, Si b M , La m, en dúas oitavas. Interpretación de algunhas pezas.
- 3º trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.

6.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

Os aspectos xerais da avaliación coinciden cos descritos no 1º curso do grao elemental.

Criterios de avaliación específicos do 2º curso do grao elemental:

- ⌚ 1 Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- ⌚ 2 Manter unha posición equilibrada do violín, da man esquerda e do arco, tocando unha escala e os seus arpejos no ámbito de dúas oitavas e unha peza de memoria, con boa afinación e son.
- ⌚ 3 Distribuír axeitadamente o arco en metades, terzos e arco enteiro, combinado co ligado de dúas, tres ou mais notas e empregar con solvencia o detaché en distintas partes do arco.
- ⌚ 4 Tocar correctamente un staccato lento pero enérxico, ata catro notas, distribuíndo ben o arco en cordas ó aire e en escalas.
- ⌚ 5 Tocar diferentes ritmos, distribuíndo correctamente o arco en cordas ó aire.
- ⌚ 6 Tocar as escalas de Sol M, La M , La m e Sib M (en dúas oitavas), Do M, Re m e Sol m nunha oitava), cos seus correspondentes arpejos, con distintos golpes de arco e ritmos.
- ⌚ 7 Interpretar fragmentos ou pezas curtas empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria e facendo uso de matices e dinámicas elementais, así como elementos básicos do fraseo.
- ⌚ 8 Tocar as pezas do programa (Vid. listado de pezas recomendadas) cunha posición correcta, distribución do arco, bo son e afinación precisa.
- ⌚ 9 Mostrar capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudio

Mínimos esixibles

⌚ 1º trimestre:

Correcta colocación do instrumento e do arco.

Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos básicos aplicando correctamente detaché , martelé.e ligadas.

Escala e arpejos con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato).

Mecanismos con diferentes patróns de dedos

Tres pezas , das cales unha debe ser interpretada de memoria.

Un estudo con variacións de arco.

Unha audición técnica e unha audición de pezas.

⌚ 2º trimestre:

Correcta colocación do instrumento e do arco.

Interpretación en cordas ao aire e con armónicos de ritmos básicos aplicando correctamente detaché , martelé.e ligadas.

Escalas e arpejos con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato).

Mecanismos con diferentes patróns de dedos

Tres pezas , das cales unha debe ser interpretada de memoria.

Dous estudos.

Unha audición técnica e unha audición de pezas.

🕒 3º trimestre:

Correcta colocación do instrumento e do arco.

Escala e arpejos con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato)

Tres pezas co primeiro e segundo patrón de dedos, das cales unha debe ser interpretada de memoria.

Dous estudos.

Unha audición técnica e unha audición de pezas se non se fixeron nos dous anteriores trimestres

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os conceptos xerais dos procedementos e ferramentas aplicadas na avaliación se detallan no apartado adicado nesta programación á avaliación no 1º curso de grao elemental.

Criterios de cualificación

Valoraranse as seguintes cuestións:

Control da posición do instrumento.

Control da afinación.

Control do son e das dinámicas.

Control do ritmo.

Control dos golpes de arco básicos.

Control da memoria.

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 25%

Interpretación e musicalidade 25%

Memoria 25%

Traballo na casa 25%

Para a cuantificación empregárase o baremo recollido nas Rúbricas de avaliación do ANEXO

A cualificación final será o resultado da ponderación das cualificacións obtidas nos trimestres. A ponderación realizarase na seguinte proporción: 1º trimestre 20%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 50%..

1ª avaliación (20%) 2ª avaliación (30%) 3ª avaliación (50%) Convocatoria ordinaria

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en na interpretación dun repertorio que incluíra alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorárase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.4. Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Procedementos de recuperación ordinarios

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Dominio técnico	25%
Postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor trala avaliación ordinaria.

6.2.5. Recursos didácticos

🕒 Escalas e arpexos:

- Hrimaly: scale-studies (nunha 8ª, 1ª posición)

- A. Toledo: Escalas e arpexos.
- Grigorian: Sistema de escalas.
- Sistema de escalas da Associated Board of the Royal Schools of Music.

🕒 **Métodos e estudos.**

- “El joven violinista” Curso 2º. J. Claudio-A. Tores.
- Doflein: “The beginning” Vol. 1.
- Sándor, Járdányi, Sverzànsky. Méthode du Violon II.
- Cohen, Mary : Superstudies vol. 2.
- Van de Velde: Le petit Paganini vol. 1 e 2.
- P. de Kayser: Violin playtime studies vol. 2.
- Wohlfahrt : Estudios op. 45 vol 1.
- Métodos de P. Roland e Sheila Nelson.
- Curci: “50 estudios melódicos” op. 22.
- H. Sitt : Estudios en 1ª posición.
- Applebaum: String Builder.
- Szilvay, G: Violin ABC (C, D).
- Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 1-5

🕒 **Pezas.**

- Suzuki: Vol. 1 e 2
- M. Crickboom: “Chants et Morceaux” caderno 1
- Rieding : Concertino en Si m.
- L. Portnoff : Concertino Op.13
- Mokry : Concertino en Sol M.
- L. J. Beer : Concertino op. 47
- Bartok: “dúos” do 1 ao 14
- Coleccións de pezas da Editorial Moscova, e da Royal Academy de Londres para este grao.
- Stanley Fletcher : New tunes for Strings vol. 2
- Kavalevsky : Album pieces for one and two violins.
- Cohen Mary: Superpieces vol. 2.
- C. Seely Brown: J. S. Bach 10 Little Classics.
- Alfred Moffat: Old Masters for Young Players.
O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumno, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumno anexa a esta programación.

Haberá tamén unha coevaluación que implique a todo o grupo de alumnos entre si, incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

Criterios de cualificación

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:

- Control da posición do instrumento.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dicitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:

- Calidade do son.
- Respeto ós estilos interpretativos , tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%
Traballo na casa	25%

Para a cuantificación empregárase o baremo recollido nas Rúbricas de avaliación do ANEXO

A cualificación final será o resultado da ponderación das cualificacións obtidas nos trimestres. A ponderación realizarase na seguinte proporción: 1º trimestre 20%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 50%..

1ª avaliación (20%) 2ª avaliación (30%) 3ª avaliación (50%) Convocatoria ordinaria

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en na interpretación dun repertorio que incluírá alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso

no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.9.4. Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou tutores/as.

Procedementos de recuperación ordinarios

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Dominio técnico	25%
Postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor trala avaliación ordinaria.

6.9.5. Recursos didácticos

- **Escalas e arpexos**

- Sevcik. Escalas e arpexos
- Grigorian: Sistema de escalas.
- C. Flesch: El sistema de escalas.
- I. Galamian: Contemporary violín technique

- **Estudios e métodos.**

- Estudios de Dont Op. 37 e op.35, Kreutzer, Fiorillo.
- Caprichos de Rode
- Sevcik. Op. 2 op.7 op. 9 e op. 8
- J. Gingold: “Orchestral excerpts”
- Mazas. “Estudios brillantes” Op.36

- **Pezas e Concertos**

- Sonatas e Partitas de J.S. Bach.
 - W. A. Mozart: Concertos nº 1 e 3.
 - L. V. Beethoven. Romanzas en Fa e en Sol
 - L. V. Beethoven: Sonatas de N°1 e nº5
 - P. Rode: Concertos nº 6, 7 e 9
 - L. Spohr: Concerto nº9 op.55
 - L. Spohr: Concerto nº2
 - D. Kabalevski. Concerto en Do M Op. 48
 - Ch. de Beriot: Escena de Ballet nº 2 Op. 100
 - R. Kreutzer. Concerto nº13 en Re.
 - G. B. Viotti. Concerto en La m nº22
 - H. I. V. Biber: Pasacaglia.
 - W. A. Mozart. Rondó en Do K.373 e Adagio en Mi K.261
 - B. Bartok: “Danzas Rumanas”
 - Sonatas de Leclair e Geminiani
 - H. Wieniawski: Dos Mazurkas. Op.19
 - H. Wieniawski. Lenda op.17
 - T. Vitali: Chacona
 - F. Kreisler: “Schön Rosmarin”
 - F. Kreisler: “Liebesfreud”
 - P. Sarasate: Malagueña Op..21 nº1
 - A. Vivaldi: Verano das catro estacións.
- Coleccións de pezas da Editorial Moscova , e da Royal Academy de Londres para este grao.
Métodos e pezas que o profesor considere axeitados.

6.10. Curso: 6º grao profesional

6.10.1. Obxectivos

- 1 Desenvolver unha maior capacidade de estudio que permitan un meirande control das capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os novos coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudio.

- 2 Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco cos golpes de arco virtuosísticos, como da man esquerda: Articulación, fraseo, dicitación, dobres cordas, desmangues, etc.

- 3 Desenvolvela capacidade de aplicar unha dixitación propia e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos adecuados.
- 4 Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- 5 Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel.
- 6 Afondar na aplicación dos coñecementos harmónicos, formais, históricos e estéticos, na busca dunha interpretación artística de calidade.
- 7 Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da interpretación e da memorización do repertorio.
- 8 Continuar a desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista cada vez a un maior nivel.
- 9 Continuar co hábito de escoitar música para afondar nos criterios interpretativos, e aplicarlos novos coñecementos históricos, formais e estéticos na análise das obras estudadas.
- 10 Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico coma técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais de cada alumno na propia interpretación das obras.
- 11 Adquirir o coñecemento da historia e evolución do violín asociado aos cambios históricos culturais que motivaron dita evolución.

6.10.2. Contidos

- 1 Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
- 2 Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- 3 Escalas e arpejos en tres oitavas, escalas modais. Escalas en 4 oitavas.
- 4 Escalas en dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs. Iniciación as 10ªs. Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpejados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes e arco virtuosísticos.
- 5 Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas.
- 6 Exercicios con harmónicos naturais e artificiais. Escalas con harmónicos artificiais.
- 7 Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización.
- 8 Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces.
- 9 Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.
- 10 Afondamento nos principios de auto-percepción, sensación corporal, auto escoita, e auto-análise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudio.

Temporalización e secuenciación dos contidos:

1º trimestre: Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces. Traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso. Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agónica, etc.. Escalas e arpejos en tres oitavas, escalas modais. Escalas en 4 oitavas. Escalas en dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs. Iniciación as 10ªs. Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpejados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes e arco virtuosísticos.

2º trimestre: Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas.. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización. Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estrutura formal e harmónica da obra.

3º trimestre. Exercicios e escalas con harmónicos naturais e artificiais. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Estudio das escalas con maior velocidade e có emprego de ritmos irregulares e máis complexos. Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso. Afondamento nos principios de auto-percepción, sensación corporal, auto escoita, e auto-análise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudio. Aplicación dos devanditos principios á interpretación en audición das obras programadas para este curso.

6.10.3. Avaliación

Criterios de avaliación

Os criterios xerais de avaliación son os mesmos para todo o grao profesional e están indicados no apartado de avaliación do 1º curso do grao profesional.

Criterios de avaliación específicos do 5º curso do grao profesional:

- 1 Coñecelo instrumento e o arco aplicando os coñecementos de funcionamento do instrumento e mantendo o instrumento en condicións. Coñecela historia e evolución do violín, e as causas histórico-culturais que deron lugar a esta evolución.
- 2 Mostrar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc., así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc., así como a coordinación de ambos brazos acorde os contidos tratados en cada curso.
- 3 Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas no repertorio estudado. Executar o repertorio co control permanente da afinación.
- 4 Conservar unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos, nas diferentes técnicas asimiladas.
- 5 Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Memorización e interpretación de ditas pezas.
- 6 Demostrala capacidade de análise e desenvolvemento duns criterios interpretativos individuais dentro dos criterios axeitados a cada obra.
- 7 Mostrar a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudio adquiridos, así como a autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Mínimos esixibles

1º trimestre

- Escalas e arpexios en tres oitavas.
- Un estudos (Rode, Dont, Kreutzer, Paganini ou similares). .

- Dúas pezas ou unha peza e un movemento de Concerto coa Cadenza, ou Dous Movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach, ou outras obras de violín solo, unha de memoria.

- audición técnica e de repertorio

2º trimestre

- Escalas e arpexios en tres oitavas.

- Un estudos (Rode, Dont, Kreutzer, Paganini ou similares). .

- Dúas pezas ou unha peza e un movemento de Concerto coa Cadenza, ou Dous Movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach, ou outras obras de violín solo, unha de memoria.

- audición técnica e de repertorio

3º trimestre

- Escalas e arpexios en tres oitavas.

- Un estudos (Rode, Dont, Kreutzer, Paganini ou similares). .

- Dúas pezas ou unha peza e un movemento de Concerto coa Cadenza, ou Dous Movementos das Sonatas e Partitas de J.S. Bach, ou outras obras de violín solo, unha de memoria.

- audición técnica e de repertorio. A participación na audición técnica e de repertorio será de alomenos dúas no curso.

- Realizar un recital fin de grao de aprox. 30 min.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Conceptos xerais: O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno: o profesorado terá en conta os informes individuais emitidos polo profesorado do curso anterior (agás no caso do alumnado de novo ingreso). Anexo á programación atópase o modelo de Ficha de Avaliación Inicial aprobada polo Departamento de Corda.

A avaliación será continua durante todo o curso.

Ó termo do grao profesional o alumnado deberá realizar un recital de aprox. media hora de duración.

O procedemento de avaliación continua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumno, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluírá neste proceso as audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumno anexa a esta programación.

Haberá tamén unha coevaluación que implique a todo o grupo de alumnos entre si, incluíndo a autoavaliación e a avaliación do outro, sempre dende un punto de vista construtivo.

O mesmo profesor tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos, e o seu grao de motivación.

Criterios de cualificación

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:

- Control da posición do instrumento.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dixitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:

- Calidade do son.
- Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade interpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%
Traballo na casa	25%

Para a cuantificación empregárase o baremo recollido nas Rúbricas de avaliación do ANEXO

A cualificación final será o resultado da ponderación das cualificacións obtidas nos trimestres. A ponderación realizarase na seguinte proporción: 1º trimestre 20%, 2º trimestre 30% e 3º trimestre 50%..

1ª avaliación (20%) 2ª avaliación (30%) 3ª avaliación (50%) Convocatoria ordinaria

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en na interpretación dun repertorio que incluíra alo menos as obras, escalas, exercicios e ou estudos indicados nesta programación nos mínimos esixibles do curso avaliado.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorárase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.10.4. Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

Procedementos de recuperación ordinarios

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Dominio técnico	25%
Postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumno deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor trala avaliación ordinaria.

6.10.5. Recursos didácticos

- **Escalas e arpexios**
Sevcik. Escalas e arpexos
Grigorian: Sistema de escalas.
C. Flesch: El sistema de escalas.
I. Galamian: Contemporary violín technique
- **Estudios e métodos.**



Estudios de Dont op.35, Kreutzer, Fiorillo

Caprichos de Rode

Sevcik. Op. 2 op.7 op. 9 e op. 8

J. Gingold: “Orchestral excerpts”

Mazas. “Estudios brillantes” Op..36

• **Pezas e Concertos**

Sonatas de W. A. Mozart.

Sonatas de L. V. Beethoven.

L. V. Beethoven: Romanza en Sol.

J.S. Bach: Sonatas e Partitas.

A. Vivaldi: Outono e Inverno das 4 estacións.

W. A. Mozart: Concertos nº 3 e 5

J. Haydn Concerto en Do M (Hob VIIª:I)

Ch. de Beriot: Escena de Ballet nº 2 Op. 100

L. Spohr: Concertos nºs 2 e 8.

J. Brahms: Scherzo da sonata F.A.E.

A. Gaos: Fantasía para violín.

F. Mendelssohn: Concerto en Mi m Op.64

M. Bruch: Concerto nº1 op. 26 en Sol m.

E. Lalo: Sinfonía española op.21.

H. Vieuxtemps: Concerto nº4 op.31

H. Wieniawski: Concerto nº2 op. 22

H. Wieniawski: Lenda op.17

L. G. Guillemain: “Amusement”

H. I. V. Biber: Pasacaglia.

B. Bartok: “Danzas Rumanas”

T. Vitali: Chacona

F. Kreisler. Preludio e allegro en estilo de Pugnani.

E. Grieg. Sonata en Fa op.8 nº1

P.Sarasate: Romanza andaluza Op. 22.

F. Kreisler. “Tambourin chinoise” e “Caprice Viennois”

Coleccións de pezas da Editorial Moscova , e da Royal Academy de Londres para este grao.

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O departamento de corda, en reunión ordinaria de carácter mensual, procederá a avaliar o seguimento da programación didáctica polo profesorado e alumnado. A tal efecto, el profesorado dispone duna ficha de observación sistemática do alumnado, duna ficha de avaliación do mesmo ademáis dunha ficha de avaliación inicial (todas no anexo I desta programación) e dun caderno de aula.

No caso de atopar problemas para o correcto seguimento da programación, o profesorado poderá propoñer unha adaptación curricular para o alumnado afectado.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

No comenzo do curso escolar o Departamento de Corda establecerá o protocolo oportuno para a realización da avaliación interna do mesmo.

9 ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional

A parte A da proba é a relativa á Interpretación co violín de tres obras pertencentes a distintos estilos, podendo ser unha delas un estudio das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. (Debe consultarse o listado orientativo de obras de 4º de Grao Elemental reflectido na presente programación) O Tribunal poderá aceptar a interpretación de movementos de obras nos casos de gran duración ou dificultade do repertorio.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez.

OBSERVACIÓNS

- O aspirante deberá entregar ao tribunal partituras orixianis do repertorio que interpreta, así coma tres copias para os membros do tribunal ou enviar por correo electrónico segundo as instrucións ditadas polo centro na súa convocatoria.
- Para obter a cualificación mínima de 5 esixirase cumprir en cada unha das obras ou estudos presentados, os obxectivos e contidos mínimos establecidos para o curso 4º de Grao Elemental establecidos na programación didáctica.
- Na programación didáctica poderase consultar a relación de obras e estudos propostas para cada 4º curso de grao elemental, sendo ísta orientativa, podéndose presentar un repertorio de similar ou maior dificultade.
- Para a realización da proba A, naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar o seu pianista acompañante.

Contidos

Os contidos avaliados e cualificados no desenvolvemento desta proba corresponden cos expostos nesta programación didáctica para a superación do 4º curso de grao elemental:

- Perfeccionamento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores. Colocación e naturalidade do corpo respecto ao instrumento e ao arco.
- Elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.
- Estudio sistemático das tres primeiras posicións. Cambios de posición.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Golpes de arco básicos: detaché, legato, martellé, staccato lento e portato, coas súas combinacións, ademais do emprego do spiccato.
- Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso.
- Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpejos, con diferentes golpes de arco. Iniciación ás tres oitavas no violín, Sol Maior.
- Técnicas de estudio e memorización.
- Estruturas formais das obras interpretadas polo alumno.

Criterios de avaliación e cualificación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

1. Musicalidade:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra ou o estudo, así como a súa capacidade

para expresarse a través do instrumento e a súa madurez interpretativa.

2. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno así como a súa capacidade psicomotriz.

3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura así como o seu grado de asimilación.

4. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grado de dominio técnico do alumno e a utilización correcta das posibilidades do seu instrumento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a cuantificación da nota o tribunal empregará o modelo de **Rúbrica do Anexo** que desenvolven os seguintes criterios de cuantificación:

Dominio técnico	25%
Postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%

- A aplicación dos criterios de avaliación e de cualificación efectuarase tomando en consideración os obxectivos e contidos establecidos para 4º de Grao elemental da programación didáctica.
- Os criterios aquí expostos aplicaranse a cada unha das obras ou estudos indicados no programa da proba de acceso a cada curso
- O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

9.2. Probas de acceso a outros cursos: 2º, 3º e 4º de grao elemental

A parte A das probas de acceso aos 2º, 3º e 4º cursos dos ensinamentos elementais de música consistirá na Interpretación de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte. (debe consultarse o listado de obras orientativas do curso inmediatamente anterior ao que se presente reflectido na presente programación). O Tribunal poderá aceptar a interpretación de movementos de obras nos casos de gran duración ou dificultade do repertorio.

Será necesaria unha cualificación numérica de 5 puntos sobre 10 para considerar superado o exercicio correspondente.

OBSERVACIÓNS

- O aspirante deberá entregar ao tribunal partituras orixinais do repertorio que interpreta, así coma tres copias para os membros do tribunal ou enviar por correo electrónico segundo as instrucións ditadas polo centro na súa convocatoria.
- Para obter a cualificación mínima de 5 esixirase cumprir en cada unha das obras ou estudos presentados, os obxectivos e contidos mínimos establecidos para o curso inmediatamente anterior ao que se presenta establecido na programación didáctica.
- O aspirante interpretará polo menos una das obras ou estudo de memoria.
- Na programación didáctica poderase consultar a relación de obras e estudos propostas para cada curso, sento ísta orientativa, podéndose presentar un repertorio de similar dificultade.
- Para a realización da proba A, naquelas obras que así o requiran, os/as aspirantes deberán aportar os seus pianistas acompañantes.

Contidos

Os contidos avaliados e cualificados nas probas de acceso a 2º, 3º e 4º de grao elemental serán os recollidos nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se quere acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

1. Musicalidade:

Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra ou o estudo, así como a súa capacidade para expresarse a través do instrumento e a súa madurez interpretativa.

2. Colocación corporal:

Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno así como a súa capacidade psicomotriz.

3. Técnica xeral:

Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura así como o seu grado de asimilación.

4. Técnica do instrumento:

Este criterio permite valorar o grado de dominio técnico do alumno e a utilización correcta das posibilidades do seu instrumento.

5. Lectura a vista:

Este criterio permite valorar o grado de fluidez e soltura na lectura de partituras co instrumento así como o grao de asimilación das indicacións na partitura propias da literatura do violín.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a cuantificación da nota o tribunal empregará o modelo de **Rúbrica do Anexo** que desenvolven os seguintes criterios de cuantificación:

Dominio técnico	20%
Postura corporal	20%
Interpretación e musicalidade	20%
Memoria	20%
Lectura a vista	20%

- A aplicación dos criterios de avaliación e de cualificación efectuarase tomando en consideración o nivel do curso ao que se realiza a proba de acceso e de forma coherente cos contidos da programación didáctica.

- Os criterios aquí expostos aplicaranse a cada unha das obras ou estudos indicados no programa da proba de acceso a cada curso.
- O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria..

Lexislación aplicable:

Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

9.3. Probas de acceso a outros cursos: 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional

A parte A da proba consistirá da Interpretación co violín de tres obras de distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. (debe consultarse o listado de obras orientativas do curso inmediatamente anterior ao que se presente reflectido na presente programación). O Tribunal poderá aceptar a interpretación de movementos de obras nos casos de gran duración ou dificultade do repertorio.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez.

OBSERVACIONES

Os aspirantes deberán consultar na programación didáctica a relación de obras e estudos propostas para o curso inmediatamente anterior ao que se presenta, sento ísta orientativa, podéndose presentar un repertorio de similar dificultade.

- Para a realización do exercicio A da proba naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.
- Os aspirantes deberán presentarse con partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal e tres copias das mesmas ou enviar por correo electrónico segundo as instrucións ditadas polo centro na súa convocatoria.

Contidos

Os contidos avaliados e cualificados no desenvolvemento da proba de instrumento son os contemplados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se quere acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seguintes criterios de avaliación aplicaranse a cada unha das obras ou estudos que compoñen as probas de acceso.

1. Musicalidade: Este criterio permite valorar a comprensión que ten o alumno da obra ou o estudo, así como a súa capacidade para expresarse a través do instrumento e a súa madurez interpretativa.
2. Colocación corporal: Este criterio permite valorar a posición corporal do alumno así como a súa capacidade psicomotriz.
3. Técnica xeral: Este criterio permite valorar os recursos do alumno para interpretar con corrección unha partitura así como o seu grado de asimilación.
4. Técnica do instrumento: Este criterio permite valorar o grado de dominio técnico do alumno e a utilización correcta das posibilidades do seu instrumento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a cuantificación da nota o tribunal empregará o modelo de **Rúbrica do Anexo** que desenvolven os seguintes criterios de cuantificación:

Dominio técnico	25%
Postura corporal	25%
Interpretación e musicalidade	25%
Memoria	25%

- A aplicación dos criterios de avaliación e de cualificación efectuarase tomando en consideración os obxectivos e contidos establecidos para o curso inmediatamente anterior ao que se presenta establecidos na programación didáctica.
- Os criterios aquí expostos aplicaranse a cada unha das obras ou estudos indicados no programa da proba de acceso a cada curso
- O tribunal valorará a dificultade do repertorio interpretado así como si é tocado íntegramente de memoria.

Lexislación aplicable: Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional

9.4. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.



9.5. Fichas de avaliación (inicial e sistemática) e rúbricas

FICHA DE OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DO ALUMNO

Alumno:		Mes:			Curso:
CONTIDOS	1ª Semana	2ª Semana	3ª Semana	4ª Semana	
Técnica de arco					
Man esquerda					
Estudos					
Obras					
Escalas e arpexios					
Traballo na casa					
Revisión de contidos pasados					
Actitude e esforzo					
Coidado do instrumento e material					
OBSERVACIÓNS					



FICHA DE AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNO

Nome do alumno:

Materia e curso:

Profesor:

Obxectivos / Contidos
do curso anterior non acadados

Técnica de arco

Técnica de man esquerda

Escalas/ Exercicios, Repertorio

Ritmo/Lectura/ Teoría

Musicalidade

Situación do entorno familiar.

Situación emocional do alumno.

ACCESO Á EDUCACIÓN TELEMÁTICA

¿Dispón de acceso a internet? SÍ NON

¿Dispón de dispositivos que permiten a conexión telemática? SÍ NON ¿Qué sistema emprega?

Comentarios:



RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN TRIMESTRAL E ORDINARIA DO ALUMNADO

	GRAO DE COMPETENCIA						
	Non competente	Básica	Media	Destacada	Avanzada	Moi avanzada	Excelente
Dominio técnico e postura corporal	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Interpretación e musicalidade	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Memoria	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Traballo na casa	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Puntuación final:							

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DO ALUMNADO

	GRAO DE COMPETENCIA						
	Non competente	Básica	Media	Destacada	Avanzada	Moi avanzada	Excelente
Dominio técnico	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Postura corportal	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Interpretación e musicalidade	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Memoria	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Puntuación final:							



**PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º e 4º GRAO ELEMENTAL
RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

	GRAO DE COMPETENCIA						
	Non competente	Básica	Media	Destacada	Avanzada	Moi avanzada	Excelente
Dominio técnico	0-0,9	0	0	0	0	0	2
Postura corportal	0-0,9	0	0	0	0	0	2
Interpretación e musicalidade	0-0,9	0	0	0	0	0	2
Memoria	0-0,9	0	0	0	0	0	2
Lectura a vista	0-0,9	1.0	1.2	1.4	1.6	1.8	2
Puntuación final:							

**PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º, 4º, 5º e 6º GRAO PROFESIONAL
RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

	GRAO DE COMPETENCIA						
	Non competente	Básica	Media	Destacada	Avanzada	Moi avanzada	Excelente
Dominio técnico	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Postura corportal	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Interpretación e musicalidade	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Memoria	0-1	1,25	1.5	1,75	2	2,25	2,5
Puntuación final:							